


NOTA

O Grupo HISTAGRA está presente na **XUNTANZA SOBRE POLÍTICAS PÚBLICAS DE MEMORIA HISTÓRICA E PROPOSTA DE CREACIÓN DA REDE GALEGA CONTRA O ESQUECIMENTO E A IMPUNIDADE**

As investigadoras **Aldara Cidrás** e **Conchi López** representarán ao Grupo HISTAGRA na xuntanza convocada para mañá venres día 13 de xullo en Pontevedra onde se debatirá a creación da Rede Galega contra o esquecemento e a impunidade.

A intervención das investigadoras será sobre os traballos realizados no Proxecto Nomes e Voces entre o ano 2006 e o 2012, cando por falta de fondos tivo que pechar.



Nomes e Voces:

O Proxecto de Investigación "Nomes e Voces" naceu ao abeiro dos traballos que se realizaron ao redor do Ano da Memoria 2006, promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. O proxecto tiña a intención de estudar a represión franquista durante a Guerra Civil e a ditadura, e ofrecer á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana. Esta tarefa ab ordoouse desde a perspectiva da investigación histórica, como parte dun crecente interese dos especialistas polo tema da Guerra Civil e da conseguinte represión

Datos de Nomes e Voces desde 2012:

Desde o ano 2012 até a actualidade, cesou o traballo de recollida e mantemento da base de datos, fondos documentais e entrevistas. As achegas económicas que se obtiveron foron utilizadas en exclusiva para o mantemento dos dominios web e levas melloras na páxina, así como unha mínima actualización informática e correccións puntuais de grallas. A xestión e unha parte básica do financiamento de mantemento dende entón (persoal, instalación e mantemento de sitio web nalgúns anos, sdeguridade, limpeza, comunicacións, etc.) correspondeu en exclusiva ao grupo de investigación HISTAGRA . Departamento de Historia da USC e á propia USC e contou coa colaboración do CESGA.

Tamén as mínimas achegas económicas logradas nestes anos foron procuradas e xestionadas dende HISTAGRA e foron exclusivamente as seguintes:

- Presidencia da Deputación de A Coruña (2016)
- Vicepresidencia da Deputación de Lugo (2013)
- Concello de As Pontes de García Rodríguez (2016)

Esta primeira xuntanza celebrarase **o venres 13 de xullo ás 17 h na Casa da Luz (praza da Verdura) de Pontevedra.**